



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA DO PLENO DE LOUSAME

(pendente de aprobación na seguinte Sesión)

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 29 DE DECEMBRO DE 2018

ASISTENTES:

Alcaldesa:

M^a Teresa Villaverde Pais (GPM PP)

Concelleiros:

Ramón Manuel Martínez Rial (GPM PP)

Ramón Figueroa Pérez (GPM PP)

María Regenjo Vázquez (GPM PP)

Silvia Agrafojo Filgueira (GPM PP)

Julio M. D. Paradela Busto (GPM PSdG-PSOE)

Beatriz González Bargo (GPM PSdG-PSOE)

Iván Bermúdez Castro (GPM PSdG-PSOE)

Ausentes:

Ramón García Conde (GPM PP)

Lucía Rodríguez Cao (GPM PT)

Amador Turnes Núñez (GPM BNG)

Secretaria-Interventora:

Paula Ares Otero

Na localidade de Lousame (A Coruña), sendo as **09:30 horas** do día **29 de decembro de 2018**, no Salón de Plenos do Concello de Lousame, reúne a **Corporación Municipal en Pleno**, en sesión **EXTRAORDINARIA E URXENTE**, baixo a Presidencia de **D^a. M^a Teresa Villaverde Pais**, coa asistencia e ausencia dos concelleiros que se enumeran ao marxe.


A Corporación está asistida pola Secretaria-Interventora do Concello, D^a. Paula Ares Otero, que da fe do acto.

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldesa e da Secretaria (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

PARTE RESOLUTIVA:

- 1 Ratificación, se procede, da urxencia da sesión.
- 2 Aprobación, se procede, do REC 13/2018.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 62 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

1) RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA URXENCIA DA SESIÓN

A Alcaldesa da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación do Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

De xeito ordinario as sesións do órganos colexiados deben ser convocadas cunha antelación mínima de dous días hábiles entre a data da convocatoria e o día da celebración da sesión de que se trate.

Non obstante, poderán celebrarse sesións co carácter de urxente, sen respectar esa antelación na convocatoria, cando existan razóns debidamente motivadas de urxencia que así o aconsellen, requiríndose que o pleno do ente local, ratifique esa urxencia da convocatoria e sesión, por maioría simple.

As razóns que motivan a urxencia na convocatoria da sesión son as seguintes:

Aprobación do REC 13/2018

A día de hoxe existen facturas rexistradas en FACE que non poden ser aprobadas pola Alcaldía. Todas elas corresponden á Área de Gasto 2.2 e o crédito existente non era suficiente para a súa aprobación.

O crédito foi habilitado posteriormente coa tramitación dunha modificación orzamentaria entre aplicacións da mesma área de gasto (MC 32.2018). Pero a aprobación das facturas corresponde ao Pleno Corporativo, mediante a aprobación dun recoñecemento extraxudicial de créditos.

Para que as facturas se poidan aprobar e aplicar neste exercicio deben ser aprobadas antes de que este finalice. No caso de convocar o pleno cos dous días de antelación as facturas non poderían ser aprobadas neste exercicio.

Por todos estes antecedentes, esta Alcaldía propón ao Pleno Corporativo de Lousame que RATIFIQUE a urxencia da sesión extraordinaria e urxente convocada para o sábado, día 29 de decembro de 2018.


Lousame, a 28 de decembro de 2018.

A alcaldesa

M^a Teresa Villaverde Pais

2

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión extraordinaria e urxente do día 29.12.2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldesa explica que había crédito para pagar estas facturas, pero non nas concretas aplicacións orzamentarias afectadas; e que foi preciso aprobar previamente unha modificación de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto. Dotado o crédito é unha pena que as facturas queden sen aprobar neste exercicio orzamentario.

Non habendo intervencións, a Alcaldesa somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos oito (8) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: ratificar a urxencia da sesión extraordinaria do día 29.12.2018

2) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO REC 13/2018

A Alcaldesa da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación do Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

PROPOSTA DA ALCALDÍA: Aprobación de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos núm. 13/2018


M^a TERESA VILLAYERDE PAIS, Alcaldesa do Concello de Lousame, propoño ao Pleno Corporativo a adopción do presente ACORDO:

“Vistos os xustificantes de gasto que a continuación se detallan:

Anexo I: Facturas incluídas no REC 13.2018							
Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Importe Total	Nombre	Texto Explicativo	Prog	Econ
F/2018/1754	15/11/2018	23A/799	816,75	COMBINA SOCIAL, S.L.	SERVIZO LIMPEZA CENTRO DE DÍA OUTUBRO 18	231	22700
F/2018/1755	16/11/2018	A/59	2650,24	RAMON CAAMAÑO CASTRO, FONTANERIA	REPARACIÓN VARIAS CENTRO DE DÍA	231	21200
F/2018/1814	04/12/2018	2018-724-102252019	110,03	RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS RESSA	Uso tarjeta Cepsa-detallado en extracto adjunto.	231	22103
F/2018/1816	04/12/2018	2018-724-102252021	110,01	RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS RESSA	Uso tarjeta Cepsa-detallado en extracto adjunto.	231	22103
F/2018/1845	05/12/2018	151920020657	384,3	TRADIGAS SA	SUMINISTRO PROPANO CENTRO DE DÍA	231	22103

3

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión extraordinaria e urxente do día 29.12.2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

F/2018/1848	05/12/2018	151920020504	796,6	TRADIGAS SA	SUMINISTRO PROPANO CENTRO DE DÍA	231	22103
F/2018/1852	12/12/2018	151920020815	384,29	REPSOL BUTANO, S.A.	COMBUSTIBLE CENTRO DE DÍA	231	22103
F/2018/1862	13/12/2018	18 503	653,4	CONSULTORIA E INFORMATICA PARA LA GESTION SOCIAL	4º trimestre aplicación CIBERSAD	231	22799
F/2018/1878	14/12/2018	23A/881	816,75	COMBINA SOCIAL, S.L.	SERVIZO LIMPEZA CENTRO DE DÍA NOVENBRO 18	231	22700
F/2018/1884	18/12/2018	151920020848	384,29	REPSOL BUTANO, S.A.	COMBUSTIBLE CENTRO DE DÍA	231	22103
F/2018/1891	17/12/2018	1518	42,83	SUPER JEFAMA SL	ALIMENTACIÓN PAI	231	22105
F/2018/1893	17/12/2018	1520	291,03	SUPER JEFAMA SL	ALIMENTACIÓN CENTRO DE DÍA	231	22105
F/2018/1918	19/12/2018	56/2018	567	ALBA GONZALEZ OVIEDO	PROGRAMA ACTIVA-MENTE DECEMBRO 18	231	22606
F/2018/1938	27/12/2018	1207	282,71	SUPER JEFAMA SL	ALIMENTACIÓN CENTRO DE DÍA	231	22105
F/2018/1939	27/12/2018	1263	244,72	SUPER JEFAMA SL	ALIMENTACIÓN CENTRO DE DÍA	231	22105
F/2018/1940	27/12/2018	1283	336,38	SUPER JEFAMA SL	ALIMENTACIÓN CENTRO DE DÍA	231	22105
F/2018/1941	27/12/2018	1277	17,5	SUPER JEFAMA SL	AUGAS PAI	231	22105
F/2018/1942	28/12/2018	89	22,35	MARIA ANTONIETA FERNANDEZ TOME -FARM. LOUSAME-	MATERIAL FARMACEUTICO CENTRO DE DÍA	231	22106
F/2018/1943	28/12/2018	88	125,64	MARIA ANTONIETA FERNANDEZ TOME -FARM. LOUSAME-	MATERIAL SAF SERVICIOS SOCIAIS	231	22106
			9.036,82				

Visto o informe da Secretaría-Intervención núm. 153/2018 do 28.12.2018.

Dada a existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente para o recoñecemento das obrigas correspondentes nas aplicacións orzamentarias sinaladas, no Orzamento de 2018, habilitada coa aprobación da modificación de crédito núm. 32/2018, do 28.12.2018.


Sendo que os gastos foron efectivamente realizados, que se axustan a prezos de mercado e cómpre a súa aprobación e aplicación ao orzamento vixente, xa que no caso contrario produciríase un enriquecemento ilícito da Administración; non sendo operativo, por razóns de economía procesual, tramitar un expediente de revisión de oficio.

Este Pleno Corporativo, en aplicación do artigo 60.2 do RD 500/1990, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar, dispor e recoñecer as obrigas, por recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 13/2018, dos documentos xustificativos de gasto anteriormente indicados.

Segundo: Ordenar o pago dos xustificantes de gasto relacionados, segundo as disposicións da Tesourería.

Terceiro: Dar conta do presente acordo á Intervención, Tesourería e Departamento Contable para a súa tramitación e efectos oportunos.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Lousame, a 28 de decembro de 2018.

A Alcaldesa
M^a Teresa Villaverde País

A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

D. Julio M. D. Paradela Busto pregunta por dúas facturas que lle estrañan... porque teñen data de hoxe.

A Alcaldesa di que non. Que teñen data de onte. Do día 28.12.2018.

D. Julio M. D. Paradela Busto di que si, efectivamente, son do 28.12.2018.

A Alcaldesa explica que son as facturas da farmacia. Non son capaces de corrixir ese xeito de proceder na facturación. Xa se lle dixo en varias ocasións que non espere ao final do ano para presentar as facturas, senón que presente as facturas a medida que se fagan os diferentes pedidos, que son cousas moi pequeniñas e puntuais para os botiquíns... Pero é a súa maneira interna de traballar e adoita presentalas sempre o último día do ano.

Non habendo máis intervencións somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por cinco (5) votos a favor (emitidos polos 5 concelleiros do PP) e tres (3) abstencións (emitidas polos 3 concelleiros do PSdG-PSOE), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría simple, adopta o seguinte ACORDO:

<<Vistos os xustificantes de gasto que a continuación se detallan:

Anexo I: Facturas incluídas no REC 13.2018							
Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Importe Total	Nombre	Texto Explicativo	Prog	Econ
F/2018/1754	15/11/2018	23A/799	816,75	COMBINA SOCIAL, S.L.	SERVIZO LIMPEZA CENTRO DE DÍA OUTUBRO 18	231	22700
F/2018/1755	16/11/2018	A/59	2650,24	RAMON CAAMAÑO CASTRO, FONTANERIA	REPARACIÓNS VARIAS CENTRO DE DÍA	231	21200
F/2018/1814	04/12/2018	2018-724-102252019	110,03	RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS RESSA	Uso tarjeta Cepsa-detallado en extracto adjunto.	231	22103
F/2018/1816	04/12/2018	2018-724-102252021	110,01	RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS RESSA	Uso tarjeta Cepsa-detallado en extracto adjunto.	231	22103
F/2018/1845	05/12/2018	151920020657	384,3	TRADIGAS SA	SUMINISTRO PROPANO CENTRO	231	22103

5

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión extraordinaria e urxente do día 29.12.2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c


					DE DÍA		
F/2018/1848	05/12/2018	151920020504	796,6	TRADIGAS SA	SUMINISTRO PROPANO CENTRO DE DÍA	231	22103
F/2018/1852	12/12/2018	151920020815	384,29	REPSOL BUTANO, S.A.	COMBUSTIBLE CENTRO DE DÍA	231	22103
F/2018/1862	13/12/2018	18 503	653,4	CONSULTORIA E INFORMATICA PARA LA GESTION SOCIAL	4º trimestre aplicación CIBERSAD	231	22799
F/2018/1878	14/12/2018	23A/881	816,75	COMBINA SOCIAL, S.L.	SERVIZO LIMPEZA CENTRO DE DÍA NOVENBRO 18	231	22700
F/2018/1884	18/12/2018	151920020848	384,29	REPSOL BUTANO, S.A.	COMBUSTIBLE CENTRO DE DÍA	231	22103
F/2018/1891	17/12/2018	1518	42,83	SUPER JEFAMA SL	ALIMENTACIÓN PAI	231	22105
F/2018/1893	17/12/2018	1520	291,03	SUPER JEFAMA SL	ALIMENTACIÓN CENTRO DE DÍA	231	22105
F/2018/1918	19/12/2018	56/2018	567	ALBA GONZALEZ OVIEDO	PROGRAMA ACTIVA-MENTE DECEMBRO 18	231	22606
F/2018/1938	27/12/2018	1207	282,71	SUPER JEFAMA SL	ALIMENTACIÓN CENTRO DE DÍA	231	22105
F/2018/1939	27/12/2018	1263	244,72	SUPER JEFAMA SL	ALIMENTACIÓN CENTRO DE DÍA	231	22105
F/2018/1940	27/12/2018	1283	336,38	SUPER JEFAMA SL	ALIMENTACIÓN CENTRO DE DÍA	231	22105
F/2018/1941	27/12/2018	1277	17,5	SUPER JEFAMA SL	AUGAS PAI	231	22105
F/2018/1942	28/12/2018	89	22,35	MARIA ANTONIETA FERNANDEZ TOME -FARM. LOUSAME-	MATERIAL FARMACEUTICO CENTRO DE DÍA	231	22106
F/2018/1943	28/12/2018	88	125,64	MARIA ANTONIETA FERNANDEZ TOME -FARM. LOUSAME-	MATERIAL SAF SERVICIOS SOCIAIS	231	22106
			9.036,82				

Visto o Informe da Secretaría-Intervención núm. 153/2018 do 28.12.2018.

Dada a existencia de consignación orzamentaria axeltada e suficiente para o recoñecemento das obrigas correspondentes nas aplicacións orzamentarias sinaladas, no Orzamento de 2018, habilitada coa aprobación da modificación de crédito núm. 32/2018, do 28.12.2018.

Sendo que os gastos foron efectivamente realizados, que se axustan a prezos de mercado e cómpre a súa aprobación e aplicación ao orzamento vixente, xa que no caso contrario produciríase un enriquecemento ilícito da Administración; non sendo operativo, por razóns de economía procesual, tramitar un expediente de revisión de oficio.

Este Pleno Corporativo, en aplicación do artigo 60.2 do RD 500/1990, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario **ACORDA:**





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Primeiro: Aprobar, dispor e recoñecer as obrigas, por recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 13/2018, dos documentos xustificativos de gasto anteriormente indicados.

Segundo: Ordenar o pago dos xustificantes de gasto relacionados, segundo as disposicións da Tesourería.

Terceiro: Dar conta do presente acordo á Intervención, Tesourería e Departamento Contable para a súa tramitación e efectos oportunos.

E non habendo outros asuntos dos que tratar, de orde da Alcaldía Presidencia rematouse a sesión sendo ás nove horas e trinta e catro minutos (09:34 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTE

Maria Teresa Villaverde Pais



A SECRETARÍA-INTERVENTORA

Paula Ares Otero

